



A vida nas granxas xa no é o que era. As escenas de pastos verdes e parques idílicos representadas nos libros para nenos están sendo rapidamente substituídas por cortellos de metal sen fiestras, gaiolas de arame, “cortellos de ferro”, e outros sistemas integrais de encerro, o que hoxe coñécese como “Granxas industriais”.

Desde pequenos, debido a nosa educación, aprendemos a aceptar a idea de que os demais animais existen para o noso beneficio (como comida, vestimenta, entretemento ou material de laboratorio), e por iso poucos somos os que nos formulamos que a súa utilización como recursos deba ser cuestionada.

Nestes tempos, o obxectivo da granxa industrial moderna é producir a maior cantidade de carne, leite e ovos, coa mínima cantidade de espazo, tempo e diñeiro. As vacas, becerros, porcos, galiñas, pavos, patos, gansos, coellos e outros animais viven en pequenas gaiolas ou compartimentos, moitas veces sen posibilidade tan sequera de darse a volta. Prívaselles do exercicio para que todas as enerxías do corpo conduzan a producir o que nos interesa deles para o consumo humano. Para engordalos rapidamente, dáselles hormonas de crecemento, e altéranlles a xenética para que sexan máis grandes ou que produzan máis leite ou ovos do ca natureza orixinalmente propón. Ademais, como falaremos máis adiante, soportan diversas mutilacións sen anestesia nin calmante algún, e son transportados a outros lugares ou ós matadoiros en condicións lamentables.

Sen darnos conta, somos cada un de nós os que mantemos a explotación dos demais animais cos nosos hábitos, actitudes e conductas diarias. Non hai culpable ou culpables concretos, simplemente non nos decatamos de que os demais seres tamén teñen a capacidade de sentir e sufrir. Pero o certo é que todos temos esas capacidades, e por eso merecemos un absoluto respecto.

Como tratan ós animais nas GRANXAS INDUSTRIAIS

Porcos

Os porcos mantéñense na escuridade durante unhas 24 horas para que se calmen. Parte dos compartimentos poden estar feitos de enreixado, de forma que o esterco caia pola reixa. Este chan de enreixado prodúcelles feridas nas patas. Como viven en completa escuridade en pequenas gaiolas, non están acostumados a nada e asústanse cando teñen que ser transportados ó matadoiro (xeralmente despois de 3-6 meses). Isto é aínda peor cando teñen que viaxar grandes distancias, xa que son malos viaxeiros, son moi sensibles ó estres e enferman facilmente durante o camiño.

Cando teñen crías (as porcas pasan ás súas vidas preñadas ou aleitando), son encaixadas á forza entre dúas rexas da súa gaiola de forma que non se podan da-la volta e coidar das súas crías. Isto faise para evitar que esmague e mate algunha das crías debido á falta de espazo. As crías de porcos son levadas á zona de destete despois de 3-4 semanas (na natureza serían 14). Á idade de 72 días son destinados á granxa de engorde, onde 14 deles son amontoados en 6m², normalmente co chan enreixado e sen palla.

Os machos cástranse sen anestesia, para satisfacer así ó mercado, debido á suposta influencia das hormonas masculinas no aroma da carne. Este non é o caso cos porcos que se matan a unha idade tan nova.



Castración sen anestesia

Os porcos sofren de severo estrés, con síntomas cardíacos e estomacais, debido á limitación da súa liberdade de movemento. Coa frustración, moitas veces traban as reixas da gaiola, recorren ó canibalismo ou traban os rabos dos outros porcos cando hai varios xuntos. No seu hábitat natural, os porcos son animais tranquilos e sociables, ademais de moi intelixentes e trastes.

Como dato adicional, aproximadamente o 30% dos produtos derivados do porco están contaminados con toxoplasmose.

Vacas

As vacas normalmente non viven máis de catro anos e medio. En circunstancias normais, poden chegar ata os trinta anos de idade, pero o seu nivel de produtividade decrece desde os catro anos, xa que se lles "seca" o leite. Durante as súas vidas, teñen un becerro ó ano, porque esta é a única maneira de empezar a produción de leite. O becerro é afastado da nai despois dunha semana como máximo, para previr lazos afectivos entre a nai e a cría. Os primeiros días o leite non é válido para o consumo humano. O 10% das vacas permanecen no cortello toda a súa vida para obter unha produtividade máis alta.

Os becerros seleccionados para a produción de carne chegarán, como máximo, a cumprir 6 meses. Poucos días despois do seu nacemento son separados da súa nai e colocados en diferentes gaiolas, ou en pequenos grupos. As gaiolas son pouco máis grandes que o propio becerro. A miúdo tamén os atan para minguar os seus movementos.

Despois de dúas semanas non son quen de xirar dentro da súa caixa. Desta forma, os músculos do becerro non teñen a oportunidade de desenvolverse e a súa carne permanece branda. Moitas veces tamén son castrados, córtanselles os cornos e son marcados a ferro e lume sen anestesia. Durante o seu cativerio, o becerro non recibe ningún alimento verde, senón substitutos do leite con moita graxa e hormonas, pero sen ferro nin fibra, para manter a carne máis branca, sen sangue. Cando os sacrifican, polo xeral están xa moi enfermos ou impedidos para camiñar. Un de cada dez becerros morre en reclusión.



Confinados nun espazo moi reducido

Galiñas poñedoras

Cando os poliños saen dos ovos no criadeiro, trasládanos a unha granxa de poñedoras ou de engorde, dependendo da súa raza e sexo. Os galos novos non teñen ningún valor e son torados ou os matan con dióxido de carbono nunha bolsa de plástico. As crías destinadas a poñer ovos, vivirán nun alpendre con largas filas de gaiolas feitas de malla metálica (o que as despluma, provócalles problemas de pel e as deixa impedidas), con tres ou catro pisos un encima doutro. Os animais viven en pequenas gaiolas, cinco ou seis galiñas amofeadas, cunhas dimensións máximas de 45x50 cm. Poñen os ovos na maia metálica e non poden estender as ás.



*Cortándolle o pico,
sen anestesia*

Cintas transportadoras levan a comida e a auga, e ademais retiran os ovos e o excremento. Como consecuencia destas condicións de vida angustiosas, danse picadas unhas ás outras. Para evitar isto, córtanlles os picos con coitelas candentes, sen anestesia. As galiñas carecen dunha percha de galiñeiro e se lles forza a un ritmo descontinuo día/noite, para que poñan o máximo número de ovos posible. As galiñas de batería viven durante un ou dous anos (poderían vivir ata 15-20 anos), nos que poñen uns 300 ovos (aproximadamente o 90% dos ovos vendidos comercialmente proveñen de granxas industriais), e o único propósito para o que son destinados é a sopa de polo. Aproximadamente ó 20% destas galiñas morre polo estrés ou as enfermidades causadas polo modo de vida.

Polos de engorde

Os polos destinados ó engorde viven entre seis e nove semanas e logo son sacrificados. Neste breve período de tempo medran extremadamente rápido de poliño a polo case crecido, gracias a unha alimentación especial. Se viviran durante máis tempo baixo estas circunstancias, engordarían en exceso e provocaríalles a morte. Ademais, manipúlase a iluminación para manter as aves comendo o maior tempo posible.

A selección xenética para cubrir a demanda e reducir os custos da produción causa dolores extremos nas extremidades e problemas óseos, facendo que cada movemento sexa difícil. Unha investigación realizada por PETA (People for an Ethical Treatment of Animals) en 1994, revelou que as aves sofren de deshidratación, enfermidades respiratorias, infeccións bacterianas, ataques cardíacos, patas enfermas e outras doenzas.

A pesar do frecuente uso de pesticidas e antibióticos, unha gran cantidade das galiñas que se venden no supermercado están infectadas coa bacteria da salmonela.

o momento de ser transportados ó matadoiro, son violentamente esmagados en gaiolas ou caixóns, con gran risco de rotura de alas e patas. Baixo estas circunstancias tan estresantes son transportados ó matadoiro en camións medio abertos. Unha vez no matadoiro, as aves son sacadas das gaiolas e colgadas das patas nuns carrís corredizos. Unha coitela mecánica os decapita e despois son mergullados en auga fervendo para quitarlles as plumas. A miúdo permanecen conscientes durante todo o proceso.

A carne destes poliños é vendida como carne de polo, o cal, ademais dun engano, é unha crueldade.

Na natureza, os polos teñen relacións sociais e xerarquías, recoñécense uns ós outros e desenrolan cariño e protección polos seus pequenos. Gozan cos baños de terra, facendo niños e subindo ás ramas das árbores. Obviamente, os polos criados para o consumo humano non poden facer nada desto.



No matadoiro, todavía vivos

Pavos

Na industria comercial de pavos, os animais viven con outros miles nun pequeno e escuro reducto. Isto a miúdo provoca agresións entre eles, problemas nas súas patas, estrés, plumas arrincadas a picadas e canibalismo. Debido a esta cría intensiva, non é raro que durante a primeira semana de vida morran o 40% dos pavos. O propósito é engorda-los pavos tan rapidamente como sexa posible. Como consecuencia destas condicións de vida, é totalmente imposible a reprodución natural dos animais, xa que os machos pesan en exceso, e as femias só poden se fertilizadas por inseminación artificial.

Coellos

As coellas son literalmente de usar e tirar. Cando unha coella xa non pode parir sete camadas ó ano, sacrificanna. O porcentaxe de substitución é nada menos que do 90%. Se ademais temos en conta que anualmente o 55% destes animais son sacrificados por culpa das enfermidades que sofren, a taxa de substitución real é dun ¡¡145%!!

A taxa de mortalidade entre os coellos novos tamén é elevada, aproximadamente un 15% das crías morren antes de ser separadas das súas nais. Despois, aínda morre arredor doutro 10%. Estas alarmantes cifras son producidas principalmente polas terribles condicións de vida dos animais ás que os somete a gandería industrial.



Coellos nas gaiolas

Motivos polos que non deberían existir GRANXAS INDUSTRIAIS

1. O principal motivo é a ética e benestar animal.

A liberdade é un dereito básico para animais e humanos. Restringir a liberdade de comportamento natural dos animais desacredita os seus dereitos básicos e dana o seu benestar.

2. Saúde.

Como consecuencia do uso excesivo de antibióticos na comida utilizado pola industria da gandería intensiva, aparece unha maior resistencia bacteriolóxica nos animais. Cando a carne destes animais é consumida polas persoas, a resistencia ós antibióticos transmítese ó corpo humano, que a súa vez se volve resistente ós mesmos antibióticos usados na comida dos animais. Isto supón un grave problema cando a persoa debe ser tratada por enfermidades bacteriolóxicas como pode ser a pneumonía.

3. Produción mundial de comida.

As zonas de cultivo no terceiro mundo son usadas para producir penso animal para a nosa industria da gandería intensiva, no lugar de producir comida para a poboación local.

4. O contorno.

O cheiro e o ruído provocados pola industria intensiva fai que sexa desagradable vivir cerca e arruína as propiedades da zona.

5. Paisaxe e bio-diversidade.

Os grandes gandeiros industriais deixan fora ós pequenos. Debido a creación de monocultivos (herba e millo para penso), e a almacenaxe de metais pesados provenientes dos fertilizantes no chan, matan a poboación salvaxe e deterioran a paisaxe notablemente.

Por que se tarda tanto en mellorar a calidade de vida dos animais?



1. O mercado libre. A posibilidade de exportación converte potencialmente o mundo nun mercado.

Nos países do terceiro mundo, as restriccións comerciais por razóns éticas son a miúdo reducidas.

2. O baixo prezo dos produtos de orixe animal criados nas granxas industriais.

3. Ós gobernos non lles preocupa este tema.

4. A protesta en contra da gandería industrial corre a cargo de voluntarios.

5. O pouco coñecemento que se ten do tratamento que reciben os animais nesta industria.

6. Fe persistente nas solucións tecnolóxicas e no crecemento económico.

7. Falta de conciencia ética dentro da ciencia.

8. A mentalidade do gandeiro, que moitas veces non se dá de conta das condicións de vida dos seus animais.

ASOCIACIÓN "COMETA"



Para un COMportamento Ético cos Animais

Teléfono:

617 040 992

Correo electrónico:

asociacion_cometa@yahoo.es

Páxina web:

<http://es.geocities.com/>

asociacioncometa

Que podemos facer nós

As granxas industriais son un método extremadamente cruel para criar animais, pero a súa rendibilidade fainas moi populares. Todos, en maior ou menor grado, somos responsables dos dereitos dos animais, isto fai que o feito de desprazar a nosa responsabilidade a outros sexa moi sinxelo. Sen embargo, debemos asumir as nosas responsabilidades e contribuír a mellorar as súas condicións de vida:

- Unha maneira de deter o abuso destas industrias é apoiar leis que prohiban as gaiolas en batería, gaiolas de becerros e os sistemas intensivos de encerro.
- Tamén podemos rexeitar os produtos que proveñan das granxas industriais, apoiando as granxas ecolóxicas, nas que as condicións de vida dos animais son notablemente mellores, e ademais os produtos son de mellor calidade e non presentan pesticidas nin antibióticos ou hormonas, co que ademais melloraremos a nosa saúde. Estudos oficiais demostran que a carne, ovos e leite teñen gran cantidade de substancias nocivas como colesterol, graxas saturadas e proteína concentrada, ademais de estar tratados con grandes cantidades de antibióticos e hormonas para manter os animais artificialmente sans.
- E por suposto, podemos optar por unha dieta vexetariana ou vegana (dieta estritamente vexetariana, sen comer ningún produto de orixe animal).